



## **TEMA 6. Recursos Creative Commons para o ensino**


### **Recursos Educativos Abertos OER COMMONS**

Os recursos educativos abertos ou "REA" (en inglés: Open Educational Resources, "OER") son documentos ou material multimedia con fins relacionados coa educación como o ensino, a aprendizaxe, a avaliación e a investigación cuxa principal característica é que son de acceso libre e polo xeral baixo licenza aberta. Aínda que algunhas persoas consideran que o uso dun formato aberto é unha característica esencial dos REA, este non é un requisito universalmente recoñecido. O termo foi adoptado por primeira vez en 2002 pola Unesco.<sup>1</sup> No debe confundirse con educación aberta.

O desenvolvemento e a promoción dos recursos educativos abertos a miúdo é motivado polo desexo de poñer freo á mercantilización do coñecemento<sup>2</sup> e de proporcionar unha alternativa ou mellora do paradigma educativo<sup>3</sup>.

(Extraído do artigo provisional da Wikipedia [http://es.wikipedia.org/wiki/Recursos\\_educativos\\_abiertos](http://es.wikipedia.org/wiki/Recursos_educativos_abiertos))

A máis grande comunidade a nivel global de recursos educativos é OER COMMONS (Open Educational Resources, Recursos Educativos Abertos).



Polo de agora atopámola só en lingua inglesa. Nesta páxina podedes acceder a todo tipo de materiais educativos de libre distribución. Non só actividades e textos senon tamén información sobre métodos de avaliación, experiencias doutros docentes de todo o mundo, etc.

Sen dúbida o futuro da educación global.

### ***Recursos educativos Creative Commons na Galiza***

Os poucos vanse incrementando o número de recursos educativos publicados baixo licenza **Creative Commons** en Lingua Galega. De seguido imos coñecer algún deles

A Fundaci3n Barri3 disp3n dunha p3xina de recursos educativos para docentes na que podemos atopar unidades did3cticas, ensaios, materias etc divididos nas categor3as de educaci3n infantil, primaria e bacheralato e ciclos formativos

A URL para o acceso directo é <http://www.educabarrie.org/gl/recursos/>

Outra páxina onde podemos atopar moitos artigos e ensaios en galego publicados baixo licenza **Creative Commons** é nos "Cadernos de estudos galegos" publicados polo Instituto Padre Sarmiento e o CSIC. Aínda que a súa páxina atopámola dispoñible en Inglés ou Castelán, unha gran parte dos seus recursos son en Lingua Galega



A URL para o acceso directo é <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/>

Unha das grandes páxinas en Lingua Galega con contidos rexistrados con licenzas de libre distribución é MANCOMUN.ORG. Non é unha paxina de recursos educativos como tal, está moi orientada cara o software libre (aspecto que tamén temos que ter en conta cando preparamos os nosos materiais **Creative Commons**). Nesta páxina ademais de atopar software libre en galego temos unha sección "wiki" na que podemos consultar manuais, atopar corretores lingüísticos, etc. Todo o contido que atopamos nesta wiki esta rexistrado con licenza Cretive Commons.



A URL de acceso directo é <http://wiki.mancomun.org/index.php/Portada>

Na páxina da CIG-EnsinO atopamos un salientable espazo adicado ao recursos. Categorizados por materia e ciclo educativo podedes atopar unha gran cantidade deles

## Materiais e recursos para a aula



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

Ecología

Muller

Mundo

Nación

Normalización

Sexualidade

Formación